

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN
PROFESIONAL**

ORGANISMO: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Capítulo:	
Epígrafe:	
(para cubrir no Diario Oficial de Galicia)	

SUMARIO:

ORDE do __ de ____ de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan os Premios de Educación Secundaria Obrigatoria ao Esfuerzo e á Superación Persoal correspondentes ao curso 2025/26 (código de procedemento ED311E).

TEXTO:

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece entre os seus principios o de proporcionar unha educación de calidade para todo o alumnado independentemente das súas condicións e circunstancias, xunto coa equidade que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación. Así mesmo, determina que o sistema educativo se orientará, entre outros fins, á consecución dunha educación baseada na responsabilidade individual, no mérito e no esforzo persoal, e ao desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.

O Decreto 156/2022, do 15 de setembro (DOG núm. 183, do 26 de setembro), polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón no seu artigo 4 que a educación secundaria obrigatoria ten por finalidade lograr

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
FOLLAS PARA O DIARIO OFICIAL

que as alumnas e os alumnos adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar nelas/es hábitos de estudo e de traballo; preparalas/os para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral, e formalas/os para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadás e cidadáns.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, consciente da importancia de recoñecer e valorar publicamente os méritos baseados no esforzo e no traballo do alumnado que cursou e rematou a educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, convoca os Premios de Educación Secundaria Obrigatoria ao Esforzo e á Superación Persoal.

En consonancia co anterior, en exercicio das competencias atribuídas no Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, e de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro),

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto e finalidade

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e convocar na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, os Premios de Educación Secundaria Obrigatoria ao Esforzo e á Superación Persoal (código de procedemento ED311E) correspondentes ao curso 2025/26 para o alumnado que finalizase os estudos de educación secundaria obrigatoria neste curso nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia, e cumpra os requisitos establecidos nesta orde.

2. A finalidade destes premios é dar recoñecemento público ao esforzo e á dedicación do alumnado desta etapa educativa, reforzar aqueles aspectos que inciden na mellora do sistema educativo e xuntar excelencia con equidade, igualdade de oportunidades e posibilidades de desenvolvemento persoal.

Artigo 2. Número, orzamento e características dos premios

1. Poderanse conceder ata un máximo de 20 premios.
2. A dotación para os premios será de 20.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.423A.480.1 da Consellería que convoca, dos orzamentos do ano 2026, que se distribuirán entre as persoas premiadas na mesma contía, e que non poderá exceder os 1.000 € por premio. A concesión das axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado para este fin.
3. O alumnado que obteña o premio percibirá a dotación económica, de cumprir os requisitos establecidos no artigo 17 desta orde, e ademais recibirá un diploma acreditativo.
4. Estes premios son compatibles con outros premios, bolsas ou axudas para a mesma finalidade calquera que sexa a súa natureza ou entidade que os conceda.

Artigo 3. Requisitos das persoas solicitantes

Poderá optar aos Premios de Educación Secundaria Obrigatoria ao Esfuerzo e á Superación Persoal o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Ter cursado durante o ano académico 2025/26 cuarto curso de educación secundaria obrigatoria no réxime ordinario en calquera dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, seguindo o currículo oficial vixente.
- b) Estar proposto polo equipo docente para a expedición do título de graduado en educación secundaria na convocatoria ordinaria do curso 2025/26.
- c) Merecer un especial recoñecemento pola dedicación e esforzo demostrados ao longo da etapa en superar as súas dificultades, ben de tipo persoal, educativas e/ou da contorna familiar e sociocultural.

O perfil obxecto destes premios correspóndese con alumnado que procede de contornas socioculturais desfavorecidas ou de contornas familiares disfuncionais que supoñan desvantaxe manifesta cara a conseguir rematar os seus estudos, ou en proceso de superación de enfermidades

crónicas ou con discapacidades que condicionan o seu rendemento escolar, a súa relación persoal e a súa inserción social.

Artigo 4. Forma e prazo de presentación de solicitudes

1. As solicitudes de participación presentaranse preferiblemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na aplicación informática <<PremiosEdu>> (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu/>) accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, (<https://sede.xunta.gal>), ou directamente desde a propia aplicación <<PremiosEdu>>.

Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. As solicitudes subscribiranas directamente as persoas interesadas con plena capacidade de obrar ou, se é o caso, as/os representantes legais das persoas solicitantes.

3. Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Xunta de Galicia dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención dos formularios, poderán dirixirse ao teléfono de información 012 ou ao enderezo electrónico 012@xunta.gal

Se as dúbidas están relacionadas coa presente convocatoria, poderán facer as súas consultas no enderezo electrónico premios@edu.xunta.gal

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

Artigo 5. Documentación complementaria

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
FOLLAS PARA O DIARIO OFICIAL

1. As persoas interesadas que cursasen os seus estudos en centros privados que non teñan todo o seu expediente recollido na base de datos da aplicación XADE e subscriban a súa solicitude de participación mediante unha persoa representante, deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

Acreditación da representación por calquera medio válido en dereito.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitárselle novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por medios electrónicos.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
FOLLAS PARA O DIARIO OFICIAL

Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 6. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Expediente académico dos estudos de ESO (educación secundaria obrigatoria) cursados pola persoa solicitante.
- d) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
- e) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- f) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- g) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 7. Notificacións

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
FOLLAS PARA O DIARIO OFICIAL

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario da solicitude de participación.

3. No caso de optar pola notificación en papel practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 8. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 9. Procedemento dos centros educativos

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
FOLLAS PARA O DIARIO OFICIAL

1. Os centros educativos de cada alumna ou alumno que presente solicitude deberán cubrir un informe electrónico do perfil da persoa aspirante, por medio da aplicación informática <<PremiosEdu>> (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>) e de acordo co indicado no artigo 12 desta orde. O dito informe será elaborado pola Comisión establecida no artigo 11 desta orde e nel darase conta das especiais condicións da escolaridade da persoa candidata ao premio.

2. Só no caso de que o alumnado non teña todo o seu expediente de educación secundaria obrigatoria recollido na base de datos da aplicación XADE, os centros educativos de cada alumna ou alumno que presente solicitude deberán enviar a certificación académica dos estudos de educación secundaria obrigatoria, onde se reflecta a cualificación final media, asinada pola persoa secretaria co visto e prace da persoa directora do centro en que se atope o expediente académico. A cualificación final media calcularase de acordo ao establecido na disposición adicional segunda do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, sen computar as cualificacións das ensinanzas de Relixión e do Proxecto Competencial. Esta certificación enviarase ao enderezo de correo electrónico premios@edu.xunta.gal.

Artigo 10. Instrución do procedemento e exposición de listaxes provisionais para emenda de solicitudes e documentación

1. O Servizo de Avaliación do Sistema Educativo, rematado o prazo de presentación de solicitudes e tras examinar estas e a documentación presentada polas persoas solicitantes, exporá a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas e os motivos de exclusión, nos lugares establecidos no artigo 18 desta orde.

2. As persoas interesadas disporán dun prazo de reclamación de dez (10) días. Durante ese prazo poderán emendar erros e a falta de documentación, preferiblemente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada e achegarán, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden os erros ou se achegue a documentación preceptiva, considerarase que a persoa interesada desiste da súa petición, nos termos e condicións establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (BOE núm. 236, do 2 de outubro), do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
FOLLAS PARA O DIARIO OFICIAL

A publicación da relación definitiva do alumnado admitido e excluído realizarase no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática <<PremiosEdu>> (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>).

Artigo 11. Comisión de centro para elaborar o informe do perfil da persoa aspirante

1. Nos centros educativos constituirase unha Comisión formada pola dirección do centro, a xefatura de estudos, a xefatura do departamento de orientación e a persoa titora da persoa candidata durante o curso 2025/26 ou, na ausencia da persoa titora, unha profesora ou profesor, preferentemente da persoa candidata, nomeada/o pola dirección do centro educativo.

2. Esta comisión será a encargada de informar do perfil da persoa que solicita participar neste premio, tendo en conta o esforzo persoal realizado e as súas dificultades persoais, educativas e/ou a contorna familiar e sociocultural. O informe electrónico do perfil da persoa aspirante realizarase segundo o establecido no artigo 12 desta orde.

3. O acordo reflectirase en acta, que quedará arquivada no centro educativo. Nesta acta constarán lugar e data explícitos, e estará asinada polas persoas que participaron na comisión ou, cando menos, pola persoa directora do centro educativo.

Artigo 12. Informe electrónico do perfil da persoa aspirante

Co fin de que a Comisión de selección prevista no artigo 13 desta orde poida valorar os méritos das persoas solicitantes, no informe electrónico do perfil da persoa aspirante previsto no artigo 9.1 desta orde, e dispoñible na aplicación informática <<PremiosEdu>> (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>), farase constar, de acordo coa estrutura establecida no anexo I da presente orde, o seguinte:

- a) As dificultades persoais, educativas, da historia escolar ou da contorna sociofamiliar da persoa candidata que, a xuízo do equipo docente, dificultaron o seu desenvolvemento educativo.
- b) As medidas de apoio adoptadas polo centro educativo en relación coas necesidades educativas da persoa aspirante e a súa repercusión no progreso escolar.
- c) A persistencia da persoa aspirante no logro das competencias e dos obxectivos da etapa e a valoración do esforzo persoal para acadalos.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
FOLLAS PARA O DIARIO OFICIAL

d) A descrición de calquera outra circunstancia que, a xuízo da Comisión do centro educativo, mereza considerarse.

As circunstancias alegadas no informe electrónico deberán estar acreditadas mediante documentación suficiente que conste no centro educativo e que podería ser requirida pola Administración para a súa comprobación.

Artigo 13. Comisión de selección das persoas candidatas ao premio

1. Para valorar os méritos das persoas participantes, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa designará unha comisión de selección mediante resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* e nos lugares que se relacionan no artigo 18 desta orde.

A Comisión de selección estará formada por unha/un presidenta/e, e ata un máximo de seis vogais, coa categoría de subdirectora xeral ou subdirector xeral, xefa/e de servizo ou inspectoras/es de educación.

A/o presidenta/e deberá ser unha subdirectora xeral ou un subdirector xeral, ou unha inspectora ou inspector de educación.

Actuará como persoa secretaria, con voz e sen voto, unha persoa funcionaria da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

2. A Comisión de selección, tendo en conta o informe electrónico requirido, cuxas seccións se detallan no anexo I desta orde, valorará as solicitudes presentadas atendendo ás dificultades persoais (ata 10 puntos):

a) Situacións relacionadas coa saúde e/ou desenvolvemento en xeral, ata 4 puntos.

b) Concorrenza das circunstancias especificadas nos artigos 63, 64, 65 e 70 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro (DOG núm. 206, do 26 de outubro), polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro; presentar dificultades educativas derivadas da contorna sociofamiliar, absentismo escolar e/ou atoparse en risco de exclusión social, ata 3 puntos.

c) Aproveitamento e esforzo, ata 3 puntos:

Ata dous puntos poderán acadarse coa nota media das cualificacións obtidas na etapa de educación secundaria obrigatoria. Para estes efectos computarase a nota media multiplicada por 0,2.

Un punto por acreditar a continuidade dos seus estudos. Estes estudos deben estar enmarcados na educación secundaria postobrigatoria regrada.

3. A valoración final expresarase con dous decimais, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior, e será o resultado de sumar as valoracións acadadas no punto 2 deste artigo.

4. Para poder aspirar ao premio deberase obter, como mínimo, unha puntuación de cinco puntos na valoración final a que se refire o punto 2 deste artigo.

5. A Comisión de selección resolverá os empates tendo en conta:

I. Maior puntuación no punto 2.c deste artigo.

II. Maior puntuación no punto 2.a deste artigo.

III. Maior puntuación no punto 2.b deste artigo.

6. De persistir o empate, a Comisión de selección poderá realizar un sorteo.

7. A Comisión de selección poderá declarar premios desertos.

Artigo 14. *Puntuacións provisionais*

1. A Comisión de selección fará públicas as puntuacións obtidas polas persoas candidatas nos lugares relacionados no artigo 18 desta orde.

2. O alumnado participante, ou a súa nai, pai ou persoas titoras legais, poderá presentar reclamación contra a puntuación obtida, no prazo de dez (10) días a partir do seguinte ao da súa publicación.

A reclamación presentarase preferiblemente por medios electrónicos a través do anexo III dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
FOLLAS PARA O DIARIO OFICIAL

Opcionalmente, a reclamación poderase presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 15. Resolución de concesión

1. Unha vez resoltas as reclamacións, a Comisión de selección elaborará a acta coa proposta de adxudicación dos premios. Os resultados coas puntuacións definitivas das persoas aspirantes publicaranse nos lugares relacionados no artigo 18 desta orde. A acta orixinal quedará arquivada no Servizo de Avaliación do Sistema Educativo.

As reclamacións entenderanse resoltas e notificadas coa publicación das puntuacións definitivas.

2. A persoa titular do Servizo de Avaliación do Sistema Educativo elevará a proposta á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. As persoas aspirantes estarán identificadas por un código alfanumérico.

3. O prazo máximo para resolver este procedemento será de cinco (5) meses desde o día seguinte ao da finalización do prazo de inscrición. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a correspondente resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Artigo 16. Recurso

A devandita orde de adxudicación dos premios poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 17. Obrigas das persoas beneficiarias

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
FOLLAS PARA O DIARIO OFICIAL

A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria e, en caso de resultar beneficiaria/o, a obriga de:

1. Informar o órgano que concede o premio da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado.

2. Para poder recibir a dotación económica do premio á que se refire o artigo 2.2 desta orde, o alumnado premiado non poderá estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberá estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da citada lei, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, conforme o artigo 10.2.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A persoa premiada deberá remitir ao Servizo de Avaliación do Sistema Educativo o modelo 145 do imposto sobre a renda das persoas físicas a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada na semana seguinte á publicación da orde de concesión dos premios no *Diario Oficial de Galicia*.

4. O alumnado que obteña o Premio de Educación Secundaria Obrigatoria ao Esfuerzo e á Superación Persoal ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle competen, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 3 de xuño, de subvencións de Galicia. A contía do premio extraordinario ten, actualmente e a efectos fiscais, a consideración de rendementos de traballo. O importe do premio estará suxeito ás retencións que legalmente correspondan.

5. A persoa gañadora debe facilitar ao Servizo de Avaliación do Sistema Educativo a titularidade dunha conta bancaria con 24 díxitos e declarar sobre a veracidade dos datos relativos á devandita conta en que se ingresará, mediante transferencia bancaria, a dotación do premio á que se refire o artigo 2.2 desta orde, segundo o modelo de anexo IV.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
FOLLAS PARA O DIARIO OFICIAL

Este anexo, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), presentarase preferiblemente por medios electrónicos, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada.

Opcionalmente, poderase presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 18. Publicación e información

A relación de alumnado admitido e excluído e as puntuacións obtidas polas persoas candidatas publicaranse no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática <<PremiosEdu>> (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cada persoa participante estará identificada por un código alfanumérico. Este código comunicaráselles á persoa participante e ao centro educativo.

Poderase solicitar información no enderezo de correo electrónico premios@edu.xunta.gal

Artigo 19. Incumprimento, reintegros e sancións

1. O incumprimento das obrigacións contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, no seu caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obrigaón da persoa beneficiaria de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os intereses de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución á que se refire o apartado anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20. Modificación da orde de adxudicación

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
FOLLAS PARA O DIARIO OFICIAL

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos premios poderá dar lugar á modificación da orde de concesión do premio, conforme ao artigo 17.4 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 22. Instrución do procedemento

O órgano instrutor do procedemento será o Servizo de Avaliación do Sistema Educativo.

Disposición adicional primeira. Efectos económicos da Comisión de selección

Para os efectos previstos no artigo 26 do Decreto 144/2001, a Comisión de selección aterase á categoría correspondente que determine a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Disposición adicional segunda. Publicación na Base de datos nacional de subvencións

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

As persoas beneficiarias do premio poderán solicitar a non publicación dos seus datos no rexistro por razóns de respecto e salvagarda do honor e da intimidade persoal e familiar das persoas físicas

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
FOLLAS PARA O DIARIO OFICIAL

en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

Disposición adicional terceira. *Delegación de atribucións*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional na persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Datos persoais do alumnado aspirante*

No referente á obtención dos datos persoais do alumnado aspirante e/ou as súas persoas representantes legais e á seguridade e confidencialidade destes, estarase ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de data 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, que adapta á lexislación española o citado regulamento.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento*

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, __ de _____ de 2026

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

P.D. (Orde do 5.6.2024; DOG núm. 114, do 13 de xuño)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Educación,

Ciencia, Universidades e Formación Profesional

INSÍRASE NO DOG

ANEXO I

**ESTRUTURA DO INFORME ELECTRÓNICO DA PERSOA ASPIRANTE
QUE CUBRIRÁ A COMISIÓN DO CENTRO**

a) Saúde e/ou desenvolvemento xeral:

- a.1. Discapacidade sensorial. Tipo e grao acreditado.
- a.2. Trastorno grave da comunicación e da linguaxe. Tipo e ámbitos afectados.
- a.3. Trastorno grave de conduta. Descrición e repercusión escolar. Protocolo.
- a.4. Ideación suicida, conduta autolítica e/ou intento de suicidio. Repercusión escolar.
- a.5. Problemas de saúde acreditados. Descrición e repercusión escolar.
- a.6. Trastorno do Espectro do Autismo (TEA). Grao.
- a.7. Discapacidade ou dependencia. Grao (expresado en porcentaxes).

Nota: Deberán explicitarse as medidas ordinarias e/ou extraordinarias de atención á diversidade, así como os recursos humanos, materiais e organizativos que se empregaron no centro educativo.

b) Concorrencia das circunstancias especificadas nos artigos 63, 64, 65 e 70 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro (DOG núm. 206, do 26 de outubro), que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia; que a persoa solicitante presente dificultades educativas derivadas do contorno sociofamiliar, absentismo escolar e/ou que se atope en risco de exclusión social:

- b.1. Responsabilidade penal da persoa aspirante. Descrición e repercusión escolar.
- b.2. Persoa aspirante baixo protección e/ou tutela, garda ou acollemento. Descrición e repercusión escolar.
- b.3. Situación de violencia de xénero ou maltrato. Descrición e repercusión escolar.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
FOLLAS PARA O DIARIO OFICIAL

b.4. Situación de acoso escolar ou ciberacoso. Descrición. Protocolo.

b.5. Situación de alumna menor embarazada.

b.6. Situación de absentismo escolar. Descrición. Protocolo.

b.7. Dificultades educativas derivadas dunha contorna sociofamiliar desfavorecida. Descrición e repercusión escolar.

Nota: Deberán explicitarse as medidas ordinarias e/ou extraordinarias de atención á diversidade, así como os recursos humanos, materiais e organizativos que se empregaron no centro educativo.

c) Persistencia da persoa aspirante no logro das competencias e dos obxectivos da etapa e valoración do esforzo persoal para acadalos.

c.1. Continuación de estudos (enmarcados na educación secundaria postobrigatoria regrada).

d) Descrición de calquera outra circunstancia que, a xuízo da Comisión do centro educativo, mereza considerarse.